

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
CURSO 2019/2020

### **Introdución**

Á hora de facer a adaptación da programación do Departamento de Lingua Galega e Literatura diferenciamos:

- **ESO e Bacharelato (galego e portugués)**

Alumnado da ESO e de Bacharelato, tanto do ensino ordinario como de adultos, que levan matriculados desde o principio de curso e asistiron a clase no primeiro trimestre e en practicamente todo o segundo trimestre.

- **ESA**

Alumnado da ESA, neste caso do Módulo 4, que levaba menos dun mes de clase e non teñen 1ª e 2ª avaliación.

### **1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

- **ESO e BACHARELATO (galego e portugués)**

Segundo acorda o departamento, consideramos imprescindibles os estándares de aprendizaxe e competencias vinculados cos contidos impartidos na primeira e segunda avaliación, poñendo como data límite á segunda avaliación o 13 de marzo. Detallamos a continuación os contidos para cada curso:

#### **1ª ESO**

- Comprensión e produción de textos propios da vida cotiá (instrutivos, normativos, carta persoal, correo electrónico, aviso).

- Coñecemento do alfabeto e dos dígrafos. A acentuación. Regras xerais e diacríticos máis usuais. A sílaba. Delimitación. Sílabas tónicas e átonas. Revisión dos usos das grafías b/v e h.

- Coñecemento dos conceptos de sinonimia, antonimia, familia léxica, campo semántico, homonimia e polisemia e da súa aplicación práctica. Coñecemento e aplicación da estrutura interna das palabras e dos procedementos de formación de palabras.

- O substantivo: clasificación semántica, flexión de xénero e número. O adxectivo cualificativo: xénero, número e grao. O artigo e os adxectivos determinativos. O pronome persoal: formas tónicas e átonas e contraccións. O verbo: estrutura das formas verbais, modos e tempos verbais.

- Vocabulario básico referido ás partes do corpo e á alimentación.

- Os textos literarios: características e coñecemento práctico. Os principais xéneros literarios. A narración. Características e elementos principais dos textos narrativos. A descrición. Características e produción de textos descritivos. Principais recursos estilísticos: símil, metáfora, personificación, aliteración, anáfora, paralelismo. O conto e a lenda: principais características e aplicación destas aos textos.

#### **2ª ESO**

O proceso comunicativo. Elementos da comunicación. Funcións da linguaxe. As modalidades textuais: textos narrativo, descritivo, expositivo, argumentativo; textos da vida cotiá e das relacións sociais; textos dos medios de comunicación; textos da vida académica; Os textos literarios e a linguaxe literaria; elementos da narración; a novela (concepto e tipoloxías).

O substantivo, o adxectivo determinativo e cualificativo, pronomes persoais, o verbo, os sintagmas e a oración simple.

Léxico: os prexuízos lingüísticos, a toponimia galega, os xentilicios, as relacións semánticas; sinonimia, antonimia, polisemia homonimia, hipónimos, hiperónimos, palabras simples e complexas, o campo lexical e semántico.

Ortografía: o alfabeto, a división silábica, a acentuación (reglas xerais e o til diacrítico), a escrita de s,x ll,i e os grupos consonánticos.

### 3º ESO

Comprensión, análise e produción de distintos tipos de textos: narrativo, descritivo, poético

A acentuación: regras xerais e diacríticos. Signos de puntuación. Utilización de maiúsculas e minúsculas. Revisión da utilización das grafías b/v.

Formación e evolución da lingua galega: nacemento do galego-portugués, elementos de substrato e superestrato, voces patrimoniais, cultas e semicultas. Situación e características da lingua na Idade Media. Situación da lingua durante os Séculos Escuros.

Estrutura das palabras: descomposición e clasificación dos constituíntes e procedementos de formación. O substantivo: clasificación semántica, flexión de xénero e de número. O adxectivo: clasificación, flexión de xénero e número e gradación. O artigo e os adxectivos determinativos. O pronome persoal: formas tónicas e átonas, contraccións e colocación. O verbo: análise morfolóxica, conxugacións regulares e principais casos de variación e irregulares.

Comprensión e recoñecemento dos conceptos de plurilingüismo, bilingüismo, diglosia e normalización lingüística. Identificación das principais linguas da Península Ibérica e da súa situación.

A literatura popular: características, xéneros. Literatura galego-portuguesa medieval: orixes, cancioneros, xéneros, autores. A cantiga de amigo, a cantiga de amor e a cantiga de escarnio e maldicir: características xerais, recursos formais e variedades. Os xéneros menores da lírica medieval. A lírica relixiosa. Principais textos da prosa medieval. Principais producións literarias dos Séculos Escuros.

Da 3ª avaliación tratamos os seguintes, mais sempre relacionándoos con estándares, competencias e contidos xa traballados:

-Rosalía de Castro: lectura comprensiva sobre a época e os principais trazos característicos, así como da vida e obra da autora e lectura autónoma dunha selección de poemas.

- Manuel Curros Enríquez: lectura comprensiva dalgún poema xa comentado (“O maio”) e xogo de pistas para ter un primeiro contacto coa súa obra.

Para ambos autores propóñense audicións dalgúns dos seus textos poéticos máis representativos.

- Para o Día das Letras Galegas: lectura comprensiva dunha selección de textos de Ricardo Carvalho Calero, así como presentación da súa vida e obra máis destacada. Xogo en rede para ampliar os coñecementos sobre o autor.

### 4º ESO

Análise e creación de distintos tipos de textos: narrativos, prescritivos e de opinión.

Literatura: do 1º terzo do s. XX á narrativa de posguerra (Cunqueiro, Blanco Amor e Fole).

Vocabulario básico relacionado coas formas de ser, os medos, o tempo (cronolóxico e meteorolóxico), viaxes, arquitectura e urbanismo, a xustiza e as leis e o tempo de lecer.

Estudo da lingua: as unidades lingüísticas e o sistema fonolóxico do galego; o substantivo, o adxectivo, os determinantes, os pronomes e o verbo.

Ortografía: regras de acentuación, signos de puntuación e uso de b, v e h.

Lingua e sociedade: a realidade plurilingüe e pluricultural de Europa e España e da lexislación que regula o uso das linguas oficiais de Galicia, as variedades internas da lingua e a lusofonía.

Ao longo da 3ª avaliación promoveranse o reforzo das competencias básicas fundamentalmente a partir da lectura, análise e creación de textos de diferente tipo.

### **1º Bacharelato**

Lingua e comunicación. Un mundo de linguas.

Historia da lingua: O galego como lingua románica. Do latín ao galego. A lingua galega no tempo do Rexurdimento.

Gramática: O nome, os pronomes persoais, relativos, interrogativos e exclamativos, as palabras adnominais: artigo, demostrativo, posesivo, identificadores, ordinais e cuantificadores, o verbo.

Tipoloxía textual: O texto descritivo. O texto dialogado. O texto expositivo. O texto narrativo.

Literatura: A literatura galego-portuguesa medieval. Lírica profana medieval. Cantigas amorosas. Cantigas de burlas, xéneros menores, cantigas de Santa María e prosa medieval.

### **2º Bacharelato**

Tipoloxía textual, análise e produción de textos propios. Fonética e fonoloxía. Variedades lingüísticas: variedades dialectais. Semántica: unidades e relacións semánticas. Sintaxe: unidades e funcións sintácticas.

Sociolingüística: Estereotipos e prexuízos lingüísticos. Historia da normativización, interferencias e desviacións da norma. O galego, lingua en vías de normalización. O galego no primeiro terzo do século XX.

Literatura: A poesía das Irmandades da Fala. A poesía de vangarda. A prosa do primeiro terzo do século XX. O teatro do primeiro terzo do século XX. A poesía entre 1936 e 1976. a prosa entre 1936 e 1976. A Nova Narrativa Galega. O teatro entre 1936 e 1976.

Gramática: Tipos de morfemas. A análise morfolóxica. Substantivo e adxectivo. A flexión nominal. Os determinantes. Os pronomes persoais. O sistema verbal agás o infinitivo conxugado.

### **Portugués**

Análise e creación de distintos tipos de textos: narrativos, prescritivos e de opinión.

Literatura: do 1º terzo do s. XX á narrativa de posguerra (Cunqueiro, Blanco Amor e Fole).

Vocabulario básico relacionado coas formas de ser, os medos, o tempo (cronolóxico e meteorolóxico), viaxes, arquitectura e urbanismo, a xustiza e as leis e o tempo de lecer.

Estudo da lingua: as unidades lingüísticas e o sistema fonolóxico do galego; o substantivo, o adxectivo, os determinantes, os pronomes e o verbo.

Ortografía: regras de acentuación, signos de puntuación e uso de b, v e h.

Lingua e sociedade: a realidade plurilingüe e pluricultural de Europa e España e da lexislación que regula o uso das linguas oficiais de Galicia, as variedades internas da lingua e a lusofonía.

Ao longo da 3ª avaliación promoveranse o reforzo das competencias básicas fundamentalmente a partir da lectura, análise e creación de textos de diferente tipo.

- **ESA**

Tendo en conta a especial configuración do Módulo 4 da ESA, que comezou na segunda quincena de febreiro, non é posible aplicar os criterios xerais referidos ao terceiro trimestre, en canto a repaso e recuperación do traballo realizado nas dúas primeiras avaliacións.

Os estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles que se abordarán e se avaliarán serán:

- Repaso da ortografía e a gramática (morfoloxía e sintaxe elemental).
- Lectura, comprensión e produción de textos de distinto tipo (proprios da vida cotiá, sociais e do ámbito académico e literario).
- Utilización de técnicas de estudo e comprensión básica (subliñado, resumo, esquematización...).
- Análise da literatura do século XX.

## 2. Actualización dos criterios de avaliación e cualificación

- **ESO e Bacharelato (galego e portugués)**

1º.- O alumnado que teña superadas as dúas primeiras avaliacións terá a materia aprobada. A **nota final** será o resultado de facer a media desas avaliacións.

Non obstante, deberá seguir facendo aquelas tarefas que o profesor ou profesora correspondente lle encomende ata final de curso para mellorar a súa cualificación final. Este incremento poderá ser, como máximo, de dous puntos.

2º.- O alumnado que teña suspensa algunha das dúas avaliacións anteriores terá que realizar as tarefas e probas, telemáticas e/ou, de ser posible, presenciais que se indiquen para cada curso co obxectivo de recuperalas e aprobar a materia. Na nota final tamén se terá en conta a evolución do alumnado ao longo do curso.

3º.- Proba extraordinaria de setembro. Se a situación sanitaria o permite, consistirá nunha proba presencial en base ás aprendizaxes imprescindibles. De non poder realizarse a proba escrita, realizarase unha proba telemática. Para aprobar deberán obter unha cualificación igual ou superior a 5.

4º.- Alumnado coa materia pendente de cursos anteriores. Tal e como se recolle na Programación anual do Departamento, o alumnado da ESO que supere a materia no curso no que está actualmente, terá tamén aprobada a materia pendente.

Ademais, aqueles e aquelas que se presentaron ao primeiro exame parcial celebrado no mes de febreiro de 2020 e obtiveron unha cualificación superior a 5, terán xa a materia aprobada.

Para o resto do alumnado coa materia pendente e que non se presentou ao exame do mes de febreiro ou que obtivo unha cualificación inferior a 5, terase en conta o traballo realizado neste terceiro trimestre a través das tarefas e probas telemáticas ou, de ser posible, presenciais que se lles encomende a tal efecto para poder aprobar a materia

- **ESA**

1º.- A cualificación final terá en conta os seguintes aspectos:

Traballo e esforzo diarios e actividades presentadas telematicamente. (80%)

Traballos realizados na aula, previos ao confinamento: 10%

Lectura dunha obra literaria: 10%.

2º.- Proba extraordinaria de setembro. Se a situación sanitaria o permite, consistirá nunha proba presencial en base a un caderno de actividades a realizar no verán. De non poder realizarse a proba escrita, valorarase unicamente o traballo desenvolvido no caderno de actividades. Para aprobar deberán obter unha cualificación igual ou superior a 5.

3ª.- O alumnado que teña pendente o Módulo 3 e aprobe o Módulo 4, obterá automaticamente o aprobado no Módulo 3. Para o resto do alumnado realizarase unha proba presencial escrita, se a situación sanitaria o permite. De non poder realizarse a proba escrita, deberá completarse un caderno de actividades.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

- **ESO e Bacharelato**

As actividades son basicamente de reforzo e recuperación. As actividades que contemplan ampliación de aprendizaxes basearanse na contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Actividades	Resolución de actividades escritas elaboradas polo profesorado, comprensión e redacción de textos, actividades interactivas, lecturas, visionado de material audiovisual, traballo individual.
Metodoloxía	Envío de actividades e resolución de dúbidas a través da plataforma Edixgal, a Aula Virtual do centro e do correo electrónico. No caso das persoas con problemas de conectividade, recollerase o elaborado en papel.
Materiais e recursos	Materiais elaborados polo profesorado, lecturas, materiais audiovisuais, lecturas colgadas na aula virtual, ligazóns a varias Web para xogos, cancións...

No caso do alumnado con ACS, as dúas alumnas que hai nestas circunstancias en 1º ESO carecen de posibilidades de conexión informática, polo que se elaborou un material adaptado ao seu nivel que o centro lles fixo chegar en papel.

- **ESA**

Actividades	Resolución de actividades escritas elaboradas pola profesora, actividades ligadas ao visionado de material audiovisual, lecturas, elaboración de vídeos, traballo en grupo.
Metodoloxía	Todo o alumnado ten conectividade. Envío de actividades, resolución de dúbidas e recollida semanal a través do whatsapp.
Materiais e recursos	Actividades elaboradas pola profesora, material audiovisual, internet.

### 4. Información e publicidade

O profesorado deste Departamento indicará as diferentes tarefas e probas que o alumnado deberá facer a través dos sistemas que vén empregando desde a suspensións das clases (E-dixgal, Aula Virtual, correo electrónico e whatsapp) para recuperar as avaliacións suspensas ou mellorar a nota final.

Así mesmo, informará ao alumnado das modificacións levadas a cabo na Programación Didáctica, en particular, dos criterios de avaliación e cualificación polo método de comunicación habitual.